

# Tema 3.- O cine clásico: os anos dourados

## ***O cantor de jazz: Nace o son***

A mediados dos anos vinte, as produtoras comezaron a buscar solucións técnicas para introducir o son no cinema. A que logrou progresos máis rápido foi a Warner Brothers que, en 1926, introduciu o primeiro sistema sonoro eficaz, o Vitaphone, que consistía na gravación das bandas sonoras musicais e os textos falados en grandes discos que se sincronizaban coas imaxes. Tras non poucos experimentos, en 1927, estrénase a primeira película sonora titulada ***O cantor de jazz***, de **Alan Crosland**. Esta, protagonizada polo showman de orixe rusa Al Jolson, acadou un éxito inmediato e inesperado entre o público. O seu eslogan, sacado do texto da película “aínda non oíches nada”, marcou o inevitable final da era muda. Contra 1931, o sistema Vitaphone fora superado polo Movietone, que gravaba o son directamente nunha banda lateral da película. Este sistema, inventado por Lee de Forest, converteuse no que utilizarían todas as produtoras. Co nacemento do sonoro, moitos actores e directores non foron quen de adaptarse e abandonaron definitivamente o cinema. O cine sonoro pasou a ser un fenómeno internacional da noite á mañá.

## **Os primeiros anos do sonoro**

A transición do cine mudo ao sonoro foi tan rápida que moitas películas realizadas entre 1928 e 1929, que foran plantexadas como mudas, foron sonorizadas despois para adecuarse ás demandas do público. Os empresarios da distribución apresuráronse a axeitar as salas para o sonoro, mentres se rodaban películas nas que o son se presentaba coma o principal atractivo. Estas primeiras películas eran, na súa maioría, obras literarias nas que se introducían estraños efectos sonoros sen moito criterio narrativo. O público axiña cansou dos diálogos monótonos e das situacións pouco atractivas destas películas, nas que un grupo de actores se situaba preto dun micrófono fixo.

Ditos problemas solucionáronse en 1930, cando un grupo de directores de cine tiveron a imaxinación necesaria para usar o novo medio de forma máis creativa, deixando de lado a ditadura do micrófono, e intentando tirar partido da postsincronización (isto é, a introdución de diálogos, música e efectos durante a montaxe da película). Os primeiros que o fixeron foron **Ernst Lubitsch** e **King Vidor**, que experimentaron coa rodaxe de longas secuencias sen son, engadíndoo posteriormente para resaltar a acción. Lubitsch fíxoo coa música en ***O desfile do amor*** (1929), e Vidor co son ambiente para crear unha atmosfera natural en ***Aleluia*** (1929), unha película musical interpretada íntegramente por actores de cor, cuxa acción transcorre no sur de Estados Unidos.

Estes foron os anos nos que os **guionistas** foron os principais protagonistas, xa que tiñan que inventarse diálogos especialmente elaborados para a pantalla. Entre estes salientaron: **Ben Hecht** e o seu estilo xornalístico, como podemos ver en ***Unha muller para dous*** (1933) de Lubitsch; **Mike Nichols**, pola súa banda, destacou polos seus diálogos claros, sen ambigüidades, en películas como ***María Estuardo*** (1936) de John Ford; por último, **Edward Riskin** fíxose famoso polas súas situacións cómicas nas películas de Frank Capra, entre elas, ***Sucedeu unha noite*** (1934), protagonizada por Claudette Colbert e Clark Gable.

## **As películas de xénero**

As **películas de gánsters** e musicais serían as que dominarían a pantalla a principios dos anos trinta. ***O éxito da hampa dourada*** (1930) de Mervyn Le Roy fixo unha estrela de Edward G. Robinson. Películas como ***O inimigo público número 1*** (1934) de W. S. Van Dyke, ou ***Scarface, o terror da hampa*** (1932) de Howard Hawks, amosaban unha violencia visceral e moi realista. O xénero muda nos anos corenta, pasando a se denominar **cine negro**, con películas onde o detective privado é o protagonista. ***O falcón maltés*** (1941) de John Huston sería a que inauguraría este estilo. Nestas cintas, a liña divisoria entre bos e malos tende a se desdubxar. Dentro deste xénero, salientan títulos como ***A sombra dunha dúbida*** (1943) de A. Hitchcock, ***A muller do cadro*** e ***Perversidade*** de F. Lang, ***Laura*** (1944) de Otto Preminger, ***Foraxidos*** (1946) de R. Siodmak, ***O soño eterno*** (1946) de H. Hawks, ***O carteiro sempre chama dúas veces*** (1946) de Tay Garnett, ***Gilda*** (1946) de Charles Vidor, ***Retorno ao pasado*** (1947) de J. Tourneur, ***A dama de Shangai*** (1948) de Orson Welles, ***A Voráxine*** (1949) de O. Preminger ou ***O crepúsculo dos deuses*** (1950) de Billy Wilder.

Con *O cantor de jazz*, tamén apareceu o **xénero musical**. A pesar dos títulos mediocres dos inicios, este xénero experimentou un auxe en 1932 con **Ámame esta noite** (1932) de Rouben Mamoulian, un éxito impresionante onde se pode observar, por primeira vez, un tratamento creativo dos números musicais. A **aparición de actores** como **Fred Astaire**, **Joan Crawford** ou **Ginger Rogers**, tamén potenciaron o auxe do musical. Outro grande nome do musical é o de **Judy Garland** que rodou con catorce anos **Melodías de Broadway** (1937), e conseguiu un gran éxito con **O mago de Oz** (1939). Durante a segunda metade dos corenta, a maioría dos musicais eran realizados pola Metro. Neles, salientaban estrelas como **Jane Powell**, **Frank Sinatra**, **Esther Williams**, **Cyd Charisse**, en títulos como **Escola de sereas** (1944), **Levando áncoras** (1945) ou **Un día en Nova York** (1949).

Nos anos cincuenta, houbo unha renovación total do xénero. É cando se rodan grandes títulos como **Un americano en París** (1951), **Cantando baixo a chuvia** (1952), **Melodías de Broadway** (1953), **Brigadoon** (1954) ou **Sete noivas para sete irmáns** (1954). Salientan como bailaríns e directores **Stanley Donen** e **Gene Kelly**. Nos sesenta, a cultura pop inunda este xénero. Richard Lester rodará **¡Que noite a daquel día!** (1964), cos Beatles, George Cukor roda a grande produción **My fair lady** (1964) con Audrey Hepburn, Robert Wise dirixe **Sorrisos e bágoas** (1965) e Robert Stevenson, **Mary Poppins** (1964), ambas as dúas protagonizadas por Julie Andrews. O musical máis famoso dos sesenta será **West side story** (1961) de Robert Wise, con coreografía de Jerome Robbins e música de Leonard Bernstein. Outro título sobranceiro da década é **Oliver** (1968), de Carol Reed.

Outro xénero característico da época é o **western**. Dentro del, **A dilixencia** (1939) de **John Ford** marca un punto e aparte. Tras a Segunda Guerra Mundial atopamos algúns dos grandes títulos: **Paixón dos fortes** (1946) e **Fort Apache** (1948) de Ford, **Duelo ao sol** (1947) de Vidor, **Río Rojo** (1948) de Hawks, **Winchester 73** (1950) de Mann, **Frecha rota** (1950) de Delmer Davis ou **O home que matou a Liberty Valance** (1962) de Ford.

O sonoro tamén marca o renacemento do cine fantástico. Un ciclo de películas de **terror clásico**, entre as que se inclúen **Drácula** (1931) de Tod Browning, **O doutor Frankenstein** (1931) de James Whale e **A momia** (1932) de Karl Freund, todas elas da productora Universal, marcarían os gustos do público durante os anos trinta e corenta. Outra película do xénero que colleitou un éxito rotundo de público foi **King Kong** (1933) de Merian C. Cooper. Nos cincuenta e sesenta, o fantástico sempre se moveu nos terreos da serie B con películas protagonizadas por invasores do espazo exterior ou científicos tolos.

## O nacemento das estrelas

A maioría dos directores da década dos 30 realizaban as súas películas como vehículo para o lucimento das estrelas máis famosas, como **Katharine Hepburn**, **Bette Davis**, **Humphrey Bogart**, **Joan Crawford** e **Clark Gable**, cuxas personalidades se presentaban á opinión pública como unha extensión dos personaxes que interpretaban. Esta tendencia acadou o seu punto álxido coas **superproduccións** como **Historia de dúas cidades** (1935) de Jack Conway, **A boa terra** (1937) de Sidney Franklin, **Cumes borrascosos** (1939) de William Wyler, e un dos grandes mitos da historia do cine, **Foixe co vento** (1939) de Victor Fleming: unha cinta que marca un antes e un despois no xeito de entender o cinema como un grande espectáculo.

Durante eses anos, tamén se realizan en Hollywood **películas máis serias e realistas, onde o director é o principal protagonista**. Un cineasta estadounidense procedente da radio, o escritor, director e actor **Orson Welles**, sorprendeu a todos coa súa ópera prima **Cidadán Kane** (1941), amosando unha nova forma de entender o cinema a través de novos encadres, obxectivos angulares e efectos de son, que enriqueceron considerablemente a linguaxe cinematográfica. Na mesma liña, en 1945, **Billy Wilder** realizou **Días sen pegada**, amargo drama sobre o tormento dun alcohólico, e obtiña o Oscar ao mellor director. Un ano despois, recibíao **William Wyler** con **Os mellores anos da nosa vida** (1946), drama que reflectía con amargura o regreso dos heroes de guerra a un país que non contara coa súa reintegración social.

## A caza de meigas: Paranoia en Hollywood

Como reacción ao medo social ante o impacto que acadaba o cine entre os espectadores, dende 1947, o Comité de Actividades Antiamericanas, co pulo posterior do senador Joseph Mc-Carthy, pretendeu eliminar todos os brotes supostamente comunistas que concorían na industria. Moitos véronse afectados

por esta medida. Directores –Joseph Losey, Nicholas Ray, Robert Rossen, Mark Robson, John Houston, Elia Kazan, Richard Brooks, Edward Dmytryk– e actores –Humphrey Bogart, Sterling Hayden, Lauren Bacall, Ava Gardner, Montgomery Clift– véronse afectados polo devandito Comité. A HUAC sentou no banco dos acusados a moitos profesionais do cinema. Un grupo de cineastas, como Dmytryk ou o guionista Dalton Trumbo, negáronse a declarar, e a consecuencia diso prohibíuselles traballar no país. Outros, como Elia Kazan ou Robert Rossen, con medo a rematar na cadea e perder o emprego, delataron aos seus compañeiros.

A pesar de todo, moitos directores continuaron cun **cine** de marcado carácter **social**. Así, Edward Dmytryk denunciaba o odio antisemita en **Encrucillada de odios**, Robert Rossen en **Corpo e alma** (1947) e, dous anos despois, Michael Robson en **O ídolo de barro** (1949), atacaba a corrupción existente no mundo do boxeo. Os protagonistas de **Eles viven de noite** (1947), ópera prima de Nicholas Ray, eran dous mozos asasinados namorados. **Rebelde sen causa** (1955), dirixida por Nicholas Ray, converteuse no símbolo desta xeración. O seu protagonista, **James Dean**, acorde cos novos tempos, cambiaba o prototipo de heroe e creaba, xunto ao **Marlon Brando** de **A lei do silencio** (1954), e á **Marilyn Monroe** en **Niágara** (1953), unha nova xeración de actores. Da mesma maneira, Fred Zinnemann en **Só ante o perigo** (1952) e Nicholas Ray en **Johnny Guitar** (1953), construíron interesantes parábolas sobre a situación social do país.

## O cinema en cor e outras innovacións técnicas

Contra 1933, a cor xa era unha realidade no cinema. A primeira película que adoptou este sistema foi **A feira das vaidades** (1935) de Rouben Mamoulian. A popularidade do sistema aumentou, e durante a década de 1940 empregouse sobre todo nunha serie de musicais clásicos da produtora MGM (Metro Goldwyn Mayer), entre os que salientaron **Easter Parade** (Desfile de Pascua, 1948) de Charles Walters. Na década dos 50, o uso da cor xeneralizouse tanto que practicamente o branco e negro ficou relegado para películas de serie B ou para producións máis artísticas como **Marty** (1955) de Delbert Mann, **O home do brazo de ouro** (1955) de Otto Preminger ou **Psicose** (1960) de Alfred Hitchcock.

En 1953, a Twentieth Century Fox estrenou **A túnica sagrada**, de Henry Koster, filmada cun novo sistema denominado CinemaScope, que iniciou a revolución dos formatos panorámicos. Nunha sucesión rápida, todos os estudos lanzaron os seus sistemas panorámicos, tales como o Vistavisión, Todd-AO, Panavisión, SuperScope e Technirama. De todos eles, só o Todd-AO e mais o Panavisión sobrevivirían, xa que supuñan o uso dunha soa cámara, un só proxector e película estándar de 35 mm, adaptándose máis facilmente a todos os sistemas existentes. O éxito destes formatos cambiou definitivamente a forma de entender o cinema. Agora encherán as salas musicais a toda cor, en pantallas anchas e ateigados de estrelas, como **Naceu unha estrela** (1954) de George Cukor, ou **Oklahoma** (1955) de Fred Zinnemann, superproducións históricas como **Ben-Hur** (1959) de William Wyler, e películas de aventuras como **Rebelión a bordo** (1962) de Lewis Milestone ou **Doutor Zhivago** (1965) de David Lean. A competencia da televisión era moi grande, e por iso o espectador precisaba novos estímulos e ofertas atractivas.

## O declive dos grandes estudos

Malia o éxito dos espectaculares formatos panorámicos, a popularidade e mais a influencia de Hollywood decaeu entre as décadas de 1950 e 1960. Os estudos desprendéronse das salas de exhibición e doutras empresas asociadas, e venderon películas nun mercado máis aberto e máis competitivo: a televisión estáballe a gañar a partida ao cinema. O star system, no que os estudos investiran millóns de dólares, acabábase. Os intérpretes, libres para actuar con independencia dos grandes estudos, esixiron impresionantes soldos e unha porcentaxe dos ingresos das súas películas. Contra 1959, a produción estadounidense decrecera ata 250 películas ao ano, o que representaba a metade da produción realizada durante a guerra. As películas europeas e asiáticas (xaponesas, principalmente), aínda que confinadas ás salas de arte e ensaio, convertéronse en algo corrente para o espectador estadounidense. En 1946, había menos dunha ducia de salas de arte e ensaio en todo o país, mentres que en 1960 sobrepasaban o milleiro. Comezaron a proliferar por todo o mundo os festivais de cine, nos que se amosaba o traballo de directores cuxa obra antes de 1950 era moi pouco coñecida fóra dos seus países de orixe. O cinema estaba a se universalizar a marchas forzadas, polo que a influencia de cineastas doutros países empezou a influír de forma evidente a moitos creadores.

A finais da década de 1960, dos grandes estudos cinematográficos xa no quedaba practicamente nada, xa que pasaron a ser propiedade de grandes corporacións audiovisuais. Os novos propietarios puxeron o acento preferentemente na produción de películas como un sinxelo investimento dos excedentes dos negocios musicais. Así, os estudos aínda funcionaron durante a década de 1960 producindo adaptacións de musicais e comedias de Broadway. En 1968, a fin da censura permitiu á industria de Hollywood especializarse en películas que amosaban un alto grao de violencia e unha visión máis explícita das relacións sexuais. Asemade, a finais de dita década, aparecen os primeiros cineastas independentes que intentan narrar a realidade dende o seu particular punto de vista. Pero iso xa forma parte doutro tema.

## A vella Europa

A produción do centro e do leste de Europa foi escasa no período previo á Segunda Guerra Mundial, destacando o cine alemán de propaganda nazi con exemplos como o documental **Triunfo da vontade** (1934) de Leni Riefenstahl. Na Unión Soviética, salientan dúas excelentes películas de **Eisenstein**: **Alexander Nevski** (1938) e **Iván o Terrible** (1944-1948). En Francia, porén, o cinema acadou un dos seus mellores momentos co realismo poético de Marcel Carné e as películas de Jean Renoir. Jean Vigo insuflou unha enorme forza poética á imaxe con longametraxes como **Cero en conduta** (1933) ou **L'Atalante** (1934). Marcel Carné, mesmo durante a ocupación nazi, realizaría a obra mestra **Les enfants du paradis** (Os nenos do paraíso, 1945), unha fermosa película na que se utilizaron centos de extras.

## Neorrealismo italiano

A finais da década de 1940, en Italia, o cinema experimentou un renacemento coa aparición do Neorrealismo italiano, un movemento cinematográfico rodado en escenarios naturais e con actores non profesionais, no que se une o documental e mais a ficción para amosar un cinema de marcado carácter social. Este estilo iniciouse con **Roma, cidade aberta** (1945) de **Roberto Rossellini**, principal artífice do movemento xunto con **Vittorio de Sica**, **Luchino Visconti** e Giuseppe de Santis. Vittorio de Sica, xunto ao seu habitual guionista, Cesare Zavattini, retratou a miseria e o desarraigamento social en **O limpabotas** (1946) e, especialmente, en **Ladrón de bicicletas** (1948), rodada por enteiro nas rúas de Milán. Visconti, autor de obras como **Rocco e os seus irmáns**, sería un dos cineastas máis destacados. Na década dos cincuenta, o Neorrealismo foi perdendo forza. O cine italiano, máis amable e vital, foi derivando cara á comedia social: **Pan, amor e fantasía** (1953) de Luigi Comencini; **Rufufú** (1958) de Mario Monicelli; **Divorcio á italiana** (1961) de Pietro Germi e **A escapada** (1962) de Dino Risi.

**Pier Paolo Pasolini** rodou **O evanxeo segundo San Mateo** (1964), entre outras, seguindo a tradición neorrealista pura, mentres que **Federico Fellini**, que participara nos inicios do movemento, deulle un estilo máis poético, como amosa **La strada** (1954), ensaio sobre a soidade mostrada a través das figuras de dous cómicos ambulantes, ou a sátira da decadente clase alta italiana de **La dolce vita** (1960), para chegar, en fases posteriores da súa obra, á fantasía máis persoal con **Oito e medio** (1963) ou **Giulietta dos espíritos** (1965). Tamén un dos máis polémicos directores da década de 1960, **Michelangelo Antonioni**, emerxeu do movemento neorrealista, como se pode percibir en **Crónica dun amor** (1950), **A aventura** (1960) ou **O deserto vermello** (1964).

## A Nouvelle Vague francesa

Francia continuou dominando o mercado mundial do cine artístico nas décadas dos anos 1950 e 1960, realizando cintas moi independentes que experimentaron coa linguaxe cinematográfica. Así, **Jacques Tati** fixo comedias moi personais como **As vacacións de Monsieur Hulot** (1953) ou **O meu tío** (1958). Con menos éxito comercial, pero co beneplácito da crítica, irrompen en 1958 os directores da chamada Nouvelle Vague (**François Truffaut**, **Jean Luc Godard**, **Claude Chabrol**, **Louis Malle**, **Eric Rohmer**, **Alain Resnais**...), inspirados entre outros por **Robert Bresson**, con **Diario dun cura de campaña** (1950). Estes mozos inspiráronse no cine comercial estadounidense de Howard Hawks, Alfred Hitchcock e John Ford e, partindo da súa experiencia como espectadores e críticos cinematográficos agrupados na revista Cahiers du Cinéma, crearon unha nova forma de entender o cinema. Os primeiros representantes desta corrente, François Truffaut, Jean-Luc Godard e Alain Resnais, realizaron títulos como **Os catrocentos golpes** (1959), **Bicos roubados** (1968), **Jules e Jim** (1961), **Hiroshima, o meu amor** (1959), **O ano pasado en Marienbad** (1961) ou **Ao final da escapada** (1959).

## O cine británico

Paralelamente á Nouvelle Vague, en Gran Bretaña, os novos cineastas sentían un desexo de renovación e volta á realidade, retratando a vida da xente da rúa. A este movemento coñéceselle como **Free Cinema**, e

marcaría toda a forma de entender o cine británico a partir de entón. **Un lugar no cumio** (1959) de Jack Clayton, marcou o inicio dunha serie de películas realistas cuxos argumentos analizaban os problemas da clase traballadora inglesa. Os seguintes films seguirán a insistir nesta liña social: **Un sabor a mel** (1961) e **A soidade do corredor de fondo** (1962) de Tony Richardson, **Sábado noite, domingo mañá** (1960) de Karel Reisz, **O inxenue salvaxe** (1963) ou **If** (1969) de Lindsay Anderson. Paralelamente, en Inglaterra, unha pequena produtora coñecida como Hammer Films dá unha nova lectura dos clásicos do cine de terror e, con actores como Peter Cushing o Christopher Lee, ofrece a todo o mundo versións modernas de Drácula, Frankenstein e mais O Lobishome.

### O cine nórdico

O grande estandarte do cine nórdico foi **Carl Dreyer**, un cineasta introspectivo cuxas películas, complexas e moi intelectuais, supuxeron unha nova forma de entender o cine afastada dos cánones de Hollywood. As súas obras, **Orde** (1955) ou **Gertrud** (1964), supuxeron unha fonte de inspiración para centos de cineastas de todo o mundo.

Un dos directores máis orixinais do panorama internacional de posguerra foi o sueco **Ingmar Bergman**, que deu ás súas películas un aire filosófico moi valorado polos espectadores con inquedanzas intelectuais. Títulos como **O sétimo selo** (1956), **Amorodos salvaxes** (1957) ou **Persoa** (1966) amosaron a capacidade do director para diseccionar a alma humana.

### O cine español

A aparición do cine sonoro provocou desorientación na industria cinematográfica española, que, incapaz de se adaptar con rapidez aos adiantos técnicos, quedou por un tempo paralizada. Tampouco axudaría moito a Guerra Civil e a posterior implantación da Junta Superior de Censura Cinematográfica, que obrigaba, aos que quixeran realizar unha película, a presentar previamente o guión e despois a película, que se tiña que adaptar a “la exaltación de los valores raciales y la enseñanza de nuestros principios morales y políticos”.

Así e todo, durante os anos cincuenta, realizáronse un feixe de excelentes películas, como **Esa pareja feliz** de Juan Antonio Bardem e Luis García Berlanga, e **Surcos** de Nieves Conde, ambas de 1951, influídas polo Neorrealismo italiano. Outros títulos desa etapa son **Bienvenido Mr. Marshall** (1952) e **El verdugo** (1963), ambas de **Luis García Berlanga**, e **Muerte de un ciclista** (1955) de **Juan Antonio Bardem**. Na década de 1960, aparece o chamado **Nuevo Cine Español**, con realizadores como **Carlos Saura**, que dirixiría en 1965 **La caza**, unha feroz e soterrada crítica ao franquismo.

Unha das figuras imprescindibles na historia do cine universal é a do español **Luis Buñuel**, cuxa carreira cinematográfica transcorreu na súa maior parte en México e Francia, debido aos problemas que tivo coa ditadura do xeneral Franco. Buñuel chegou a alcanzar renome internacional na década de 1960 polo seu retrato desapiadado de personaxes extremos, como se amosa en **Viridiana** (1961), rodada e prohibida en España, que obtivo a Palma de Ouro en Cannes.

### O resto do mundo

En 1951, o director de cine xaponés **Akira Kurosawa**, con **Rashomon**, gañou o gran premio do Festival Internacional de Cine de Venecia, dando a coñecer o potente cinema do seu país ao público occidental. A pesar diso, directores como **Yasujiro Ozu**, e o seu título **Contos de Tokio** (1950), xa foran a fonte de inspiración para os cineastas occidentales. Outros cineastas destacados da época foron Mizoguchi e Kinugasa con películas como **Contos da lúa pálida de agosto** (1953) e **A porta do inferno** (1954), respectivamente.

Na India, onde a industria dedicouse exclusivamente ao mercado interno, cunha forte produción en cantidade pero cuns niveis de calidade espantosos, tamén se produciron na década de 1950 obras que atraeron a atención internacional. De entre todos, salienta o realizador **Satyajit Ray**, con **Pather Panchali** (Canción da estrada, 1955), **Aparajito** (1956) e **Apur Sansar** (O mundo de Apu, 1959).

## AFONDANDO

## O western

O western, ou cine do oeste, é o xénero cinematográfico que relata historias relacionadas coa conquista e colonización dos territorios occidentais de Estados Unidos. A primeira película do oeste é *Asalto e roubo a un tren* (The Great Train Robbery, 1903), de Edwin S. Porter, primeira cinta con accións paralelas da historia do cine. Outros títulos míticos do cine silente foron *A caravana de Oregón* (The Covered Wagon, 1923) e *O cabalo de ferro* (The Iron Horse, 1924) de John Ford. A este último cineasta, considerado un dos directores máis sobranceiros da historia do cinema, débenselle algúns dos mellores westerns da historia do cine. Ford é ademais responsable dunha triloxía que retrataba a vertente militar –non sempre honorable e épica– das guerras entre a cabalería e as forzas indíxenas: *Fort Apache* (1947), *A lexión invencible* (She Wore a Yellow Ribbon, 1949) e *Río Grande* (1950). Grazas ás películas de Ford, o seu actor predilecto, John Wayne, pasou a se converter nun mito da sétima arte.

As décadas dos corenta e dos cincuenta caracterízanse polo uso da cor e os grandes formatos. Algúns títulos destacados son *Ox-Bow* (The Ox-Bow Incident, 1943) de William A. Wellman, *Só ante o perigo* (High Noon, 1952) de Fred Zinnemann, *Río de Sangue* (The Big Sky, 1952) de Howard Hawks, *Yuma* (Run the Arrow, 1957) de Samuel Fuller, *Horizontes lonxanos* (Bend of the River, 1952) de Anthony Mann, *Raíces profundas* (Shane, 1953) de George Stevens, *Río Bravo* (1959) de Howard Hawks e *Os sete magníficos* (The Magnificent Seven, 1960), de John Sturges.

A partir da década dos sesenta, o ton épico das historias dá paso a unha corrente revisionista na que se desmitifica a épica do oeste e se amosa a realidade e a brutalidade que caracterizou a esa época. Películas como *Grupo salvaxe* (The Wild Bunch, 1969) ou *O pequeno gran home* (1970), impregnadas dunha violencia insólita, revisan o pasado cunha amargura chea de connotacións e critican a dureza coa que foron tratados os nativos norteamericanos. Da mesma maneira, a mediados dos sesenta aparece un director italiano chamado Sergio Leone que, coa película *Por un puñado de dólares* (1964), dá inicio a un western europeo, cuxas películas foron rodadas fundamentalmente en Almería, que, ademais de ser certamente interesante, afástase moito estilística e temáticamente do norteamericano. Todo isto ten que ver cun lento declive da moda do western.

A partir dos anos setenta, o cine do oeste deixou de interesar ao gran público, e os éxitos de cintas como *Foraxidos de lenda* (The Long Riders, 1980) de Walter Hill, *Silverado* (1985) de Lawrence Kasdan, *Bailando con lobos* (Dances With Wolves, 1990) de Kevin Costner e *Sen perdón* (Unforgiven, 1992) de Clint Eastwood, son excepcións dentro dun xénero condenado a desaparecer.

## Actores e actrices míticos (1930-1970)

### Humphrey Bogart

(Nova York, 1899- Los Ángeles, 1957). A súa maneira de falar e mais o seu aspecto físico, fixeron que ao principio da súa carreira encarnase papeis de vilán. En 1941, o enorme éxito que tivo por *O falcón maltés*, supuxo o comezo dunha carreira sólida para o actor. A pesar diso, a súa consagración chegou o mesmo ano con *O último refuxio*. A partir de aí, aparecería en títulos míticos como *Casablanca* (1942), *Ter e non ter* (1945), *O tesouro de Sierra Madre* (1948), *O soño eterno* (1946), *A raíña de África* (1951) ou *Sabrina* (1954). Bogart será lembrado sempre pola súa imaxe de duro, a súa gabardina, o seu sorriso retranqueiro e o seu enorme carisma.

### Katharine Hepburn

(Connecticut, 1907-Nova York, 2003). Katharine Hepburn comezou a súa carreira artística no teatro, en 1928, co estreno da obra “Zarina”, actuación que lle abriu as portas de Broadway. Ao longo da súa dilatada carreira, Hepburn gañou catro Oscars de interpretación e foi candidata á prezada estatuíña en once ocasións. Malia que protagonizou películas con auténticas lendas do cinema como Gary Grant, James Stewart, Robert Young, Fred Mc Murray e John Wayne, foi sen dúbida con Spencer Tracy co que protagonizou cintas memorables. Entre as súas mellores películas están: *María Estuardo* (1936), *A fera da miña nena* (1938), *Historias de Filadelfia* (1940), *A raíña de África* (1951), *A muller do ano* (1942), *A costela de Adán* (1949) ou *Adiviña quen vén esta noite* (1962).

### Marilyn Monroe

(Los Ángeles, 1926- Los Ángeles, 1962). Foi a personificación do glamour de Hollywood por excelencia, xa que o seu inmenso atractivo foi quen de conquistar o mundo, converténdose nun símbolo sexual dos anos 50. Nacida co nome de Norma Jean Baker en 1926, a súa beleza fíxoa inmensamente popular e permitiulle aparecer nas máis afamadas revistas da época. En 1950, debuta no mundo do cinema con *A xungla de asfalto*. Títulos como *Os cabaleiros prefírenas louras* (1953), *Como casar cun millonario* (1953), *Niágara* (1953), *A tentación vive enriba* (1955), *Con saias e a rachar* (1959) ou *Vidas rebeldes* (1961) cimentarían a súa sona ata o día da súa trágica morte por suicidio.

### James Stewart

(Indiana, 1904- Nova York, 1997). Actor de carácter que representou, mellor que ninguén, o papel de americano medio. Entre 1935 e 1940, participa en máis de 24 películas ata que o éxito de *Historias de Filadelfia* (1940) o converte nun dos actores predilectos do público. James Stewart traballou todos os xéneros e con todos os grandes directores (Hitchcock, Mann, Cukor, Ford, etc.), o que non o despoxo da súa sinxeleza e normalidade. Entre os seus títulos principais están: *Cabaleiro sen espada* (1939), *¡Que belo é vivir!* (1946), *Winchester 73* (1950), *Música e bágoas* (1954), *A ventá indiscreta* (1954) e *O home que matou a Liberty Valance* (1962).

### Ingrid Bergman

(Estocolmo, 1915- Londres, 1982). Orfa dende unha idade moi temperá, decidiu facerse actriz para combater a súa extrema timidez e deu os seus primeiros pasos no teatro. Aos dezoito anos, a súa película *Intermezzo*, levouna a América onde se converte en estrela definitiva con *Casablanca*. En 1949, marcha a Italia para rodar con Rossellini. Participou en 45 películas e recibiu dous Oscars na categoría de mellor actriz polas películas *Luz de gas* (1944) e *Anastasia* (1956). Outros títulos da súa filmografía son: *As campás de Santa María* (1945) *Xoana de Arco* (1948), *Stromboli* (1951) e *Europa 51* (1953).

## Irmáns Marx

Os irmáns Marx eran Leonard (Chico), Adolph (Harpo), Julius Henry (Groucho) e Herbert (Zeppo). Entre 1909 e 1923, os irmáns malviviron actuando nos teatros máis miserables de todo Estados Unidos. Tiñano todo en contra: eran cómicos, xudeus, con acento de Nova York e o seu repertorio non tiña nada espectacularmente orixinal. En 1914, o seu tío cómico, Al Shean, escribiulles unha peza de teatro e Harpo, ao que non lle deu texto pola súa mala voz, converteuse en mudo. En maio de 1923, os irmáns Marx debutaron en Broadway cunha revista musical, “I’ll Say She is”, que un rico industrial montara para colocar a súa amiguiña como primeira bailarina. Foi un éxito tan soado de público e crítica que os catapultou en cuestión de días ao estatus de artistas de primeira categoría.

Respaldados polos mellores guionistas e co favor do público, os irmáns Marx seguiron estrenando e enchendo os teatros de Broadway. Do teatro, decidiron dar o salto ao cinema con *Os catro cocos* (1929), onde apareceron caracterizados cos seus vestiarios característicos: Groucho con levita, gafas, bigote pintado e puro; Chico co seu sombreiriño, traxe pequeno e tocando o piano; Harpo tocando a arpa co pelo rizo, sombreiro de copa e gabardina de enormes petos, de onde saían toda sorte de obxectos; e Zeppo coa súa indumentaria de galán. A esa película seguíronlle *O conflito dos Marx* (1930), *Pistoleiros de auga doce* (1931) e *Sopa de ganso* (1933), a súa grande obra mestra. Posteriormente, veron a luz *Unha noite na ópera* (1935), *Un día nas carreiras* (1937), *O hotel dos líos* (1939) e *Unha tarde no circo* (1939), que colleitou bastantes malas críticas.

A partir dese momento, decidiron separarse e seguir as súas carreiras en solitario. O retiro non foi definitivo e reapareceron en 1946 con *Unha noite en Casablanca*. A súa verdadeira despedida do cinema foi en 1948 con *Amor en conserva*. Logo da separación, Groucho foi o que mellor resistiu en solitario. Foi guionista de cine e colleitou grandes éxitos en televisión, onde presentou programas humorísticos, e como escritor satírico. Morreu o 17 de agosto de 1977 en Los Angeles, a causa dunha pulmonía. O resto dos irmáns morreron no máis absoluto dos esquecementos, sen que conseguisen ningún éxito destacable posterior no mundo do espectáculo.

## John Ford

(Cape Elizabeth, 1895-Palm Desert, 1973). Entrou no mundo do cine a través do seu irmán Francis, quen traballaba na produtora cinematográfica Universal. Dende o principio John Ford, cuxo verdadeiro nome era Sean Aloysius O’Fearna e a súa orixe irlandesa, interesouse polo western, que daquela contaba con moi poucos adeptos. Durante o mudo, realizou numerosas películas daquel xénero, que hoxe en día se perderon, ata que en 1923 realiza *Sota*, un título que lle daría a coñecer entre o gran público. Así e todo, malia os éxitos xa conseguidos, o triunfo absoluto de John Ford chegaría da man do cine sonoro para o que realiza as súas primeiras películas en 1930, *Río arriba e Traxedia submarina*. O ano de 1933 marca o inicio do período de máximo esplendor da filmografía de Ford con obras mestras como *A patrulla perdida*, *O delator* (1935), *O prisioneiro do odio* (1939), *A dilixencia* (1939) e *As uvas da ira, ¡Que verde era o meu val!*, *Homes intrépidos* e *O camiño do tabaco*, todas elas de 1940. En 1945, tras regresar da II Guerra Mundial, onde traballara como documentalista, volve a Hollywood para rodar títulos míticos como *Berce de heroes* (1945), *Paixón dos fortes* (1946), *Fort Apache* e *O poder e a gloria* en 1947; *A lexión invencible* (1949), *Río Grande* (1950), *Álamo* (1960); *Misión de audaces* (1959), *Dous cabalgan xuntos* (1961) ou *O home que matou a Liberty Balance* (1962) e *Centauros do deserto* (1956), dúas das grandes obras mestras da historia do cine. Ao longo da súa carreira cinematográfica, John Ford tamén cultivou outros xéneros como demostran as películas *María Estuardo* (1939), *Mogambo* (1953) ou a súa derradeira película *Sete mulleres* (1966). Ford conseguiu catro Oscars de Hollywood e dirixiu aos mellores actores do momento, entre eles, James Stewart, William Holden, Spencer Tracy, Clark Gable, Richard Widmark, Lee Marvin, John Wayne, Ava Gardner ou Grace Kelly.





resultados económicos. O día que cumpría 80 anos a Raíña de Inglaterra noméao Sir. O 29 de abril de 1980, ás 9.17 da mañá, o xenio falece na súa casa de Los Ángeles.

## 50 títulos imprescindibles do cine clásico

- O cantor de jazz (USA, 1927) A. Crosland.
- Aleluia (USA, 1929) K. Vidor.
- M, o vampiro de Dusseldorf (Alemaña, 1931) F. Lang.
- Scarface, o terror do hampa (USA, 1932) H. Hawks.
- Freaks (USA, 1932) T. Browning.
- King Kong (USA, 1933) M.C. Cooper.
- Triunfo da vontade (Alemaña, 1934) L. Riefenstahl.
- L'Atalante (Francia, 1934) J. Vigo.
- A noiva de Frankenstein (USA, 1935) J. Whale.
- Tempos modernos (USA, 1935) C. Chaplin.
- A fera da miña nena (USA, 1938) H. Hawks.
- A dilixencia (USA, 1939) J. Ford.
- Aleksandr Nevskii (URSS,1939) S. Einsstein.
- O que o vento levou (1939) V. Fleming.
- A regra do xogo (Francia, 1939) J. Renoir.
- O falcón maltes (USA,1941) J. Houston.
- Cidadán Kane (USA, 1941) Ou. Welles.
- Casablanca. (USA, 1942) M. Curtiz.
- Ser ou non ser (USA, 1942) E. Lubistch.
- Roma, Città Aperta (Italia, 1945) R. Rossellini.
- Que belo é vivir (USA, 1946) F. Capra.
- Os mellores anos da nosa vida (USA, 1946) W. Wyler.
- Ladrón de bicicletas (Italia, 1948) V. de Sica.
- Eva ao espido (USA, 1950) J.L. Mankiewicz.
- O crepúsculo dos deuses (USA, 1950) B. Wilder.
- Cantando baixo a choiva (USA, 1952) S. Doen e G. Kelly.
- Triloxía de Apu (India, 1952-5, 1956, 1958) S. Ray.
- Raíces profundas (USA, 1953) G. Stevens.
- Contos de Tokio (Xapón, 1953) E. Ozu.
- Ordet/A palabra (Dinamarca, 1954) K.Th. Dreyer.
- Sete samuráis (Xapón, 1954) A. Kurosawa.
- Ao leste do Edén (USA, 1955) E. Kazan.
- Centauros do deserto (USA, 1956) J. Ford.
- O sétimo selo (Suecia, 1957) I. Bergman.
- O increíble home menguante (USA, 1957) J. Arnold.
- Sede de mal (USA, 1958) Ou. Welles.
- Vertixe, de entre os mortos (USA, 1959) A. Hitchcock.
- Psicose (USA,1960) A. Hitchcock.
- O fotógrafo do pánico (Gran Bretaña, 1960) M. Powell.
- Con saias e ás toas (USA, 1960) B. Wilder.
- O apartamento (USA, 1960) B. Wilder.
- Jules et Jim (Francia, 1961) F. Truffaut.
- West side story (1961, USA) R. Wise.
- Viridiana (España, 1961) L. Buñuel.
- O home que matou a Liberty Balance (USA, 1962) J. Ford.
- Lawrence de Arabia (USA, 1962) D. Lean.
- Oito e medio (Italia, 1963) F. Fellini.
- O verdugo (España, 1963) L. García Berlanga.
- Teléfono vermello, voamos cara a Moscova (USA, 1964) S. Kubrick.
- 2001, unha odisea do espazo (USA, 1968) S. Kubrick.